

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

### LALÍN

#### Ordenanzas e Regulamentos

#### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA DE MEDIO AMBIENTE, LIMPEZA E CONVIVENCIA DO CONCELLO DE LALÍN*

Tras a aprobación inicial polo Pleno da Corporación da Ordenanza de Medio Ambiente, Limpeza e convivencia do Concello de Lalín, na sesión ordinaria celebrada o día 29 de outubro de 2015, e dado que durante o período de exposición pública non se presentaron reclamacións, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, enténdese definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional. De conformidade co previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 procédese á publicación do texto íntegro da ordenanza.

#### **ORDENANZA DE MEDIO AMBIENTE, LIMPEZA E CONVIVENCIA DO CONCELLO DE LALIN**

#### *FUNDAMENTO*

O noso entorno máis inmediato proporciona os recursos esenciais para a nosa vida e existencia e por iso é fundamental o seu coidado e preservación. Os Concellos teñen un reto moi importante na xestión do Medio Ambiente e na concienciación cidadá, tanto na utilización dos recursos, na xestión e separación dos residuos, no aforro enerxético, ou na contaminación da auga, do aire e do solo, e a súa repercusión no cambio climático como garantía de futuro.

As novas tendencias na Reforma do Goberno Local en España, indican que os concellos deben ter competencia para formular e aplicar unha política municipal para a protección do medio e o desenvolvemento sostible da comunidade, e para someter á control preventivo todas as actividades que se desenvolven no seu termo municipal e poidan afectar ao Medio Ambiente, adoptando as medidas necesarias para a súa protección.

Neste sentido as medidas de protección do Medio Ambiente, de xeito máis inmediato, contemplan minimizar a produción de residuos, separar a recollida, promover o aforro enerxético e de recursos naturais, minimizar a contaminación da auga, do aire e do solo, a protección da paisaxe, o control do ruído, e a emisión de gases con efecto invernadoiro, entre outros, como garantía de calidade de vida e de benestar.



Para que esta protección se poida levar a cabo de xeito eficiente, debe contar co compromiso da cidadanía e coa participación e implicación de toda a comunidade, así os concellos deben promoverlo e difundilo na comunidade escolar e universitaria, nas asociacións, empresas, institucións e nos medios de comunicación.

De forma específica, a participación ambiental é un proceso que posibilita a implicación directa dos cidadáns no coñecemento, na valoración, na prevención e na corrección dos problemas ambientais. E por iso o fomento da educación ambiental e da participación cidadá ao respecto considerárase un obxectivo estratéxico que impregnará cada unha das actuacións que se desenvolven na xestión do medio rural e urbano a nivel municipal.

Toda esta actividade municipal e cidadá tería que articularse e potenciarse como unha contribución dende o local á efectividade do dereito constitucional a un “medio axeitado”, proclamado e consagrado no artigo 45 da nosa Constitución, precepto no que tamén se establece o deber de conservalo, como un xeito de solidariedade colectiva co medio.

Como idea previa hai que deixar clara a necesidade de ter en conta a variable ambiental nas distintas decisións e plans referentes ás políticas que desenvolva unha Administración Local (transporte público e mobilidade, desenvolvemento local, urbanismo e planificación territorial, turismo, comercio, participación cidadá, educación e infancia, etc), pois, non é incompatible o desenvolvemento da Cidade e a protección do medio urbano.

O debido coidado do noso contorno pode achegar moitas posibilidades de futuro para os territorios. Neste sentido, considérase necesario apostar por unha idea de vila entendida como un ámbito de vida saudable, equilibrada na ordenación do territorio, na que as persoas sexan o principal centro de interese da actuación municipal.

## TÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### *Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación*

1. A presente ordenanza ten por obxecto, no ámbito das competencias do Concello de Lalín, a regulación, intervención e control administrativo de todas aquelas condutas, actividades, bens e recursos susceptibles de afectar á calidade ambiental, co fin de previr os posibles danos xerados ao contorno e sempre mediante unha actuación preventiva por parte do Concello, mitigando os impactos adversos sobre a saúde humana e o medio ambiente.

2. No exercicio das competencias municipais, a presente Ordenanza desenvolve a lexislación estatal e autonómica en materia de residuos e de réxime local, debendo en todo momento interpretarse e aplicarse de acordo coa lexislación vixente.



3. Todas as persoas físicas ou xurídicas que residan ou utilicen os servizos públicos no termo municipal de Lalín están obrigadas a cumprir o disposto na presente Ordenanza así como as disposicións que no seu desenvolvemento dite o Concello.

4. Para aquelas actividades sometidas á obtención de licenza previa, as condicións sinaladas pola presente Ordenanza, serán orixinariamente esixibles, requiríndose para elo un informe técnico emitido polo servizo municipal competente. O devandito informe vinculante deberá especificar as condicións técnicas e medidas correctoras necesarias para o cumprimento das prescricións desta Ordenanza.

Para acadar os obxectivos de sostibilidade local, propoñemos con esta ordenanza, implicar á poboación e ao Concello, de forma conxunta, na procura de minimizar a produción de residuos, separar a recollida, promover o aforro enerxético e de recursos naturais, minimizar a contaminación da auga, do aire e do solo, a protección da paisaxe, o control do ruído, e a emisión de gases con efecto invernadoiro.

## *Artigo 2. Definicións*

1. Para os efectos do disposto na seguinte Ordenanza entenderase por:

### *a) Medio Ambiente:*

É un sistema formado por elementos naturais e artificiais que están interrelacionados e que son modificados pola acción humana. Trátase do ámbito que condiciona a forma de vida da sociedade e que inclúe valores naturais, sociais e culturais que existen nun lugar e momento determinado, e que inflúe na vida do ser humano e nas xeracións vindeiras.

### *b) Desenvolvemento Sostible:*

O modelo de desenvolvemento que “atende ás necesidades do presente sen comprometer a posibilidade de desenvolvemento das futuras xeracións.”

### *c) Transversalidade:*

O Medio Ambiente vese afectado por calquera acción ou actividade que se leve a cabo na administración, ten por tanto un marcado carácter transversal. Aféctanlle todas as áreas de goberno municipal e implica a todas as concellarías, polo que se deben aplicar a todas os postulados de preservación e conservación ambientais.



*d) Contaminación ambiental:*

É á presenza no ambiente de calquera axente (físico, químico ou biolóxico) ou ben dunha combinación de varios axentes en lugares, formas e concentracións tales que sexan ou poidan ser nocivos para a saúde, a seguridade ou para o benestar da poboación, ou ben, que poidan ser prexudiciais para a vida vexetal ou animal, ou impidan o uso normal das propiedades e lugares de recreación e gozo destes.

*e) Eficiencia enerxética:*

É a redución do consumo enerxético, sen diminuír a prestación do servizo, ben sexa por avances tecnolóxicos ou por melloras na xestión.

*f) Aceites vexetais usados:*

Os residuos de aceites vexetais propios das actividades de fritir domésticas ou dos bares, restaurantes, hoteis e outros servizos de restauración, así como os aceites de conservas. Non se inclúen aquí outras graxas alimentarias.

*g) Recollida separada:*

A recollida na que un fluxo de residuos se mantén por separado, segundo o seu tipo de natureza, para facilitar o seu tratamento específico.

*h) Recollida “porta a porta”:*

É a recollida específica de caixas de cartón do pequeno comercio que se deixa pregado xunto aos colectores, despois da hora de peche do comercio, as 21:00H.

*i) Pilas:*

Residuos tóxicos e perigosos por conter substancias como mercurio, cadmio, litio, chumbo, que son sumamente tóxicas para a saúde e o ambiente. Teñen recollida especial. Non deben ir co lixo.



*j) Residuos comerciais:*

Os xerados pola actividade propia do comercio, por xunto e polo miúdo, dos servizos de restauración e bares, das oficinas e os mercados, así como do resto do sector servizos.

*k) Residuos de aparatos eléctricos ou electrónicos:*

Aparatos eléctricos e electrónicos, os seus materiais, compoñentes, consumibles e subconxuntos que os compoñen, a partir do momento en que pasan a ser residuos.

*l) Residuos de construción e demolición de obra menor:*

Calquera residuo que se xere nunha obra de construción ou demolición nun domicilio particular, comercio, oficina ou inmovible, que non supoña alteración do volume, e que non precisa de proxecto asinado por profesionais titulados.

*m) Residuos de envases:*

Todo envase ou material de envase do cal se desprenda o seu posuidor ou teña a obriga de desprenderse en virtude das disposicións en vigor.

*n) Residuos domésticos:*

Residuos xerados nos fogares como consecuencia das actividades domésticas.

*o) Biorresiduos:*

Residuos biodegradables de xardíns e parques, residuos alimenticios e de cociña procedentes de fogares, restaurantes, servizos de restauración colectiva e establecementos de venda polo miúdo; así como, residuos comparables procedentes de plantas de procesado de alimentos.

*p) Compost:*

Abono orgánico obtida a partir do tratamento biolóxico aerobio e termófilo de residuos biodegradables recollidos separadamente. Non se considerará compost o material orgánico obtido das plantas de tratamento mecánico biolóxico de residuos mesturados, que se denominará material bioestabilizado.



*q) Composteiro:*

Refírese ao colector recinto ou espazo que nos permite a transformación de residuos orgánicos en esterco ou compost. Normalmente están fabricados en plástico aínda que tamén os hai de madeira, metálicos ou tamén, residuos orgánicos empilados ao aire libre.

**ARTIGO 3.—RESIDUOS URBANOS OU MUNICIPAIS**

1.—Son residuos urbanos ou municipais os producidos no termo municipal e definidos como tales na lexislación vixente, é dicir, os xerados nos domicilios particulares, comercios, oficinas e servizos, así como todos aqueles que non teñan a cualificación de perigosos e que pola súa natureza ou composición poidan asimilarse aos producidos nos anteriores lugares ou actividades.

Así mesmo, teñen tal consideración:

- Os procedentes da limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas.
- Os procedentes de mercados, feiras, festexos ou actos similares.
- Os residuos e entullo procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria (ata un máximo de 50Kg).
- Os móbeis e utensilios desbotados (voluminosos)
- Animais domésticos mortos
- Vehículos abandonados

2.—Consonte a lexislación vixente, o Concello de Lalín está obrigado a implantar sistemas de recollida selectiva e a realizar todas as operacións de xestión dos residuos municipais que inclúen a recollida, transporte e tratamento dos residuos municipais.

Xestión dos residuos urbanos ou municipais.

O obxectivo é acadar a redución, a reutilización e a reciclaxe-compostaxe, así como potenciación dos servizos de limpeza viaria e a implicación cidadá para estes labores.

**ARTIGO 4.—Residuos excluidos**

Están excluidos os residuos que non son definidos como municipais ou urbanos, os cales deberán ser entregados a un xestor autorizado, polos seus donos ou posuidores, por non ser de competencia municipal.

1.—Non obstante o sinalado no artigo anterior, ao abeiro da lexislación vixente, e sempre que se trate de residuos distintos aos xerados nos domicilios particulares tanto en cantidade como en calidade, o Concello, poderá, por motivos xustificados, obrigar aos seus produtores ou posuidores a xestionalos por si mesmos.



Así mesmo, poderá obrigar aos posuidores ou produtores a que adopten as medidas necesarias para eliminar ou reducir, na medida do posíbel, aquelas características que presenten ou que os fagan perigosos ou que dificulten a súa recollida, transporte ou aproveitamento, ou que os depositen en forma e lugar axeitados.

2. Para o resto de definicións estarase ao disposto na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e chans contaminados e normativa que a desenvolva.

#### *ARTIGO 5. Outros residuos*

##### *Residuos de construción e demolición (RCD)*

Nas obras pódense xerar diferentes residuos perigosos que deben recollese e tratarse por separado mediante o seu envío a xestores autorizados. Entre os materiais e substancias que poden encontrarse entre os RCD e que poden ter algunha característica de perigosidade, cabe destacar: aditivos de formigón (inflamable), adhesivos, másticos e sellantes (inflamable, tóxico ou irritante), emulsións alcatranadas (tóxico, canceríxeno), materiais a base de amianto, en forma de fibra respirable (tóxico, canceríxeno), madeira tratada con funxicidas, pesticidas, etc (tóxico, ecotóxico, inflamable), revestimentos ignífugos haloxenados (ecotóxico, tóxico, canceríxeno), equipos con PCB (ecotóxico, canceríxeno, luminarias de mercurio (tóxico, ecotóxico), sistemas con CFCs, elementos a base de xeso (fonte posible de sulfhídrico en vertedoiros, gas tóxico e inflamable), envases que contivesen substancias perigosas (disolventes, pinturas, adhesivos, etc.).

Os RCD deben ser entregados a un xestor, salvo no caso de material inerte procedente de pequenas obras domésticas, (ata un máximo de 50Kg) que pode entregarse no Punto Limpo, agas os residuos de amianto ou asbesto, que serán xestionados.

A mestura de residuos perigosos con non perigosos está expresamente prohibida na Lei de residuos dado que, ademais de supoñer un risco para a saúde humana (en particular para os operarios da obra ou das plantas de tratamento de residuos) e para o medio, pode ocasionar que un volume grande de residuos non perigosos se converta en residuos perigosos dunha xestión máis complexa e de maior custo.

O Concello, ben directamente ou a través de convenios de colaboración con asociacións ou sistemas integrados de xestión, poderá impulsar a recollida específica doutras tipoloxías de residuos especiais tales como téxtiles, aceites usados, teléfonos móbiles, madeira, etc, instalando colectores ou puntos de recollida e realizando as campañas informativas correspondentes.



### *Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE)*

Este tipo de residuo, polas súas características e pola súa proliferación, réxese por unha normativa específica a nivel europeo, a Directiva 2002/96/CE sobre residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEE). Esta Directiva traspúxose ao marco normativo estatal mediante o Real Decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparatos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos.

### *Biorresiduos*

O Concello facilitará, na medida do posible, que os residuos orgánicos (residuos da cociña, palla, ramas, follas, esterco, etc.) sexan aproveitados como materia prima para a produción de compost, ben a escala doméstica, agrícola, comercial ou industrial, de xeito que diminúa a cantidade de residuos producidos e trasladados a planta de Sogama.

Os biorresiduos domésticos son os residuos orgánicos biodegradables de orixe vexetal e/ou animal, susceptibles de degradarse biolóxicamente xerados no ámbito domiciliario e comercial (sempre que estes últimos sexan similares aos primeiros).

Os biorresiduos segundo a súa natureza divídense en:

*Residuos orgánicos de orixe alimentaria e de cociña* (inclúense os de transformación de alimentos).

*Residuos vexetais ou Fracción Vexetal (FV)* procedentes das zonas verdes e vexetación privadas e públicas.

Dende unha perspectiva da xestión dos residuos orgánicos domésticos constan seguintes fraccións:

*Fracción Orgánica (FO)*. Cando se recolle de forma separada utilízase o termo FORS (fracción orgánica de recollida separada). Está constituída por:

Restos da preparación da comida ou manipulación e elaboración dos produtos alimentarios, restos sobrantes de comida, alimentos en mal estado e excedentes alimentarios que non foran comercializados ou consumido (separados do seu envase ou embalaxe),





*Fracción Vexetal* en forma de restos vexetais de pequeno tamaño e de tipo non leñoso procedentes de xardinaría e poda (ramos de flores murchos, malas herbas, céspede, pequenas ramas de poda, follaxe, etc.). Esta fracción vexetal, considerada como similar aos FORS, pode xestionarse tamén “in situ” ou de forma independente aos restos de comida, segundo a configuración dos servizos de recollida e os niveis de xeración.

*Residuos de Poda:* constituídos pola Fracción Vexetal en forma de restos vexetais de xardinaría e poda de maior tamaño e de tipo leñoso. Polas súas características require unha xestión específica por cuestións relacionadas con loxística de recollida, o tratamento e a temporalidade de xeración (frecuencia e período).

*Os biorresiduos domésticos,* sempre que sexa posible, deben ser compostados, e non deben ir ao colector, dado que por ser biodegradables son susceptibles de empregarse como abono de horta e xardíns.

#### *Pilas, acumuladores e baterías*

Este tipo de residuos, polas súas características e pola súa proliferación, réxense por unha normativa específica a nivel europeo, a Directiva 2006/66/CE, que se traspuxo ao marco normativo estatal mediante o Real Decreto 106/2008, da 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos e o Real Decreto 943/2010, do 23 de xullo, polo que se modifica o Real Decreto 106/2008. Esta normativa incorpora os principios de «quen contamina paga» e de responsabilidade do produtor, de maneira que os produtores, que poñen por primeira vez este produto no mercado, como os fabricantes, importadores ou adquirentes intracomunitarios, están obrigados a facerse cargo da recollida e xestión da mesma cantidade, en peso e tipo, das pilas e baterías que puxesen no mercado.

Este grupo de residuos son xestionados a través de Sistemas integrados de xestión/ sistemas colectivos de responsabilidade ampliada, de maneira que os seus produtores deben financiar a súa xestión e reciclado unha vez convértense en residuos e as entidades xestoras destes sistemas deben desenvolver circuitos de recollida separada e transporte.

A normativa afecta a todo tipo de pilas, acumuladores e baterías, independentemente da súa forma, volume, peso, composición ou uso:

- Pilas botón
- Pilas estándar
- Acumuladores portátiles
- Pilas, acumuladores e baterías de automoción
- Pilas, acumuladores e baterías industriais
- Outros tipos



Inclúe tamén as pilas, acumuladores e baterías procedentes dos vehículos ao final da súa vida útil e dos aparatos eléctricos e electrónicos. As únicas excepcións son as pilas, acumuladores e baterías utilizados en equipos concibidos para fins militares ou destinados a ser enviado ao espazo que quedan excluídos desta normativa.

### *Residuos sanitarios*

Todos os residuos, calquera que sexa o seu estado, xerados en centros sanitarios e veterinarios, incluídos os envases e residuos de envases, que os conteñan ou os contivesen.

A xestión incorrecta dos residuos sanitarios, e en concreto dos que son perigosos, pode liberar ao medio substancias que resultan daniñas para os organismos vivos. Por iso, a normativa básica sobre residuos establece a obriga de xestionar os residuos perigosos axeitadamente a través da súa correcta identificación, separación, almacenamento e entrega a unha xestor autorizado para o seu posterior tratamento e/ou eliminación.

### *Amianto*

Os residuos de amianto (asbesto) ou materiais que o conteñan como o fibrocemento (uralita) por ser residuos perigosos non poden ser xestionados polo Concello nin nos colectores de lixo nin no Punto Limpo. E serán manipulados conforme ao Real Decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.

Estes residuos deberán ser xestionados por xestores autorizados, almacenados e transportados en embalaxes pechados apropiados e con etiquetas regulamentarias que indiquen que conteñen amianto, e posteriormente, eses refugallos deberán ser tratados conforme á normativa aplicable sobre residuos perigosos.

Todas as empresas que vaian realizar actividades ou operacións incluídas no ámbito de aplicación de este real decreto deben estar inscritas no Rexistro de empresas con risco por amianto

### *Lamas de depuradora*

Son os residuos xerados nas estacións depuradoras de augas residuais (EDAR) e como tales produtores de residuos deben asegurar a súa correcta xestión, e poden realizala directamente ou encargala a xestores autorizados, todo iso conforme ao que establece a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e chans contaminados. A orientación da súa xestión debe realizarse respectando os principios da política de residuos relativos á protección do medio



e a saúde humana e aplicando a xerarquía nas opcións de xestión, priorizando a prevención sobre o reciclado, outros tipos de valorización incluída a enerxética e quedando en último lugar o depósito en vertedoiro.

#### *Artigo 6.—O Punto Limpo*

Recinto situado no Polígono Industrial Lalín 2000, que serve para que os cidadáns poidan depositar nel aqueles residuos para os que é preciso unha xestión específica, polo seu tamaño (residuos voluminosos) ou pola súa composición (pilas, disolventes e outros materiais perigosos), e para os cales non existe colector na vía pública.

Os obxectivos principais desta instalación son:

- Recuperar os materiais contidos nos residuos para a súa reciclaxe, coma o papel, vidro, metais, etc.
- Evitar o vertido incontrolado de escombros e residuos voluminosos coma mobles ou electrodomésticos.
- Separar os residuos xerados nos fogares que representen un risco para o medio ambiente coma os medicamentos, pilas, pinturas, etc.

Residuos que pode depositar no punto limpo son:

- Papel e Cartón
- Vidro
- Cristal
- Plásticos de diferentes tipos
- Metais
- Têxtil
- Voluminosos, interior de vivenda (Mobles, Portas, Colchóns, Estufas de gas, Ferralla...)
- Equipos electrodomésticos, electrónicos e informáticos..
- Entullos de construción procedentes de obras menores (Máximo 50Kg).

Calquera residuo que, polo seu tamaño non poida depositarse nos contedores da rúa

- Sprays
- Tubos fluorescentes
- Pilas
- Baterías
- Aceites usados
- Medicamentos



- Radiografías
- Termómetros

Residuos que non pode levar a un punto limpo:

- Materia orgánica: usualmente a súa recollida selectiva está prevista para ser levada a cabo a través de contedores específicos instalados nas rúas
- Residuos industriais de grandes e medianas empresas
- Restos de vehículos e maquinaria (Rodas, Defensas, Asentos...)
- Material hospitalario.
- Residuos de amianto
- Residuos radioactivos.

Non se poderá depositar residuos fora das instalacións do Punto Limpo, nin fora do horario de apertura do mesmo.

Os residuos que se xeran son unha importante perda de recursos e de enerxía. A produción, xestión e eliminación dos residuos urbanos é un dos aspectos máis preocupantes en relación coa sostibilidade do desenvolvemento e a degradación do medio. A axeitada xestión de residuos debe ter como punto de partida a prevención da súa xeración e da súa rigorosidade, así como o fomento da súa reutilización, e valorización.

#### *ARTIGO 7. Vertidos e vertedoiros incontrolados*

1. Queda prohibido no ámbito do termo municipal o depósito e vertido de lixos e residuos en zonas distintas ás instalacións municipais dedicadas a tal fin.

2. Todo vertedoiro clandestino será clausurado sen prexuízo das sancións que se puidesen impoñer

4. Igualmente calquera persoa, natural ou xurídica, poderá denunciar ante o Concello as infraccións da presente ordenanza.

#### *Artigo 8. Normas do Concello*

1. O Concello, a través dos servizos técnicos ou de inspección municipal así como dos axentes da policía local, denunciarán cantas infraccións se produzan en relación ao depósito de residuos, para a óptima separación en orixe e recollida selectiva, no colector que non corresponda, así como o depósito de lixo en zonas e lugares non habilitados a tal efecto, principalmente no caso de vertidos incontrolados.

2.—O Concello poderá elaborar guías de boas prácticas dirixidas tanto ao público en xeral como a sectores de actividade representativos.



3.—O Concello poderá coordinar todas as súas accións de educación e sensibilización ambiental en torno a unha soa delegación ou organismo municipal, para maior coherencia e eficacia.

4.—O Concello de Lalín tentará promover a colaboración cidadá para a óptima separación en orixe e recollida selectiva de residuos municipais mediante campañas informativas e divulgativas, dirixidas tanto á poboación en xeral como a colexios, institucións, asociacións veciñais, colectivos, comunidades de propietarios, etc.

5.—A Policía Local velará polo cumprimento desta ordenanza, inspeccionando as actividades e condutas que a contraveñan. Artigo 8. 1. d), (Función de Policía administrativa, no relativo ás ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia) e Art 8. 3. b, Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais (Velar polo cumprimento das disposicións e ordes singulares ditadas polos órganos da comunidade autónoma, con especial atención ás materias relativas á protección do menor, o medio ambiente, a saúde e a muller)

#### *Artigo 9. Normas xerais*

Será de aplicación a todos os residentes no Concello de Lalín, se non se especifica o contrario,

a) Minimizar a produción de residuos, separar a recollida do lixo, promover o aforro enerxético e de recursos naturais, minimizar a contaminación da auga, do aire e do solo, a protección da paisaxe, o control do ruído, e a emisión de gases con efecto invernadoiro.

b) Reducir o volume dos residuos compactándoos de tal forma que se aproveite ao máximo a capacidade das bolsas e colectores.

c) Separar os residuos e depositar estes nos colectores ou puntos de recollida establecidos para o efecto de acordo coa presente Ordenanza.

d) Separar os residuos orgánicos (vexetais ou restos de comida) na medida que poidan ser destinalos a súa compostaxe.

e) Cumprir cos horarios de depósito e entrega de residuos.

f) Comunicar ao Concello ou aos axentes da autoridade a existencia de residuos abandonados na vía ou espazos públicos, tales como vehículos abandonados, mobles, animais mortos, residuos de construción e demolición, etc.



### Artigo 10. Prohibicións

Queda prohibido:

- a) Botar ou abandonar residuos na vía pública ou en lugares diferentes aos especificados polo Concello.
- b) Depositar residuos en colectores que non lle corresponda, contravindo o disposto na presente Ordenanza.
- c) Depositar residuos orgánicos (vexetais ou restos de comida) nos colectores de lixo, podendo destinalos a compostaxe.
- c) Depositar nas papeleiras instaladas para o efecto nos espazos públicos, residuos distintos dos de pequeno volume tales como papeis, gomas de mascar, cabichas, caramelos, cascas e desperdicios similares.
- d) Manipular colectores ou o seu contido así como envorcar ou arrancar papeleiras ou outro tipo de colectores e desprazalos fóra das súas situacións.
- e) Utilizar os colectores para fins distintos aos previstos na presente Ordenanza.
- f) Depositar nos colectores municipais residuos industriais que deban ser xestionados.
- g) Deixar na vía pública a terra das rodas dos vehículos que efectúen obras de desterre de solares.
- h) Colgar a roupa en fachadas, terrazas, solares e outros elementos dos edificios que dean á rúa, salvo que sexan «opacos». Só o poderán facer nas galerías interiores das vivendas.
- i) Facer queimas agrícolas en terreos do casco urbanos afectando as fachadas de edificios próximos.

## TÍTULO II Residuos

### Capítulo 1. Recollida de Residuos

### Artigo 11. O servizo de recollida

O servizo de recollida comprende as seguintes actuacións:

- a) Baleirado dos colectores e devolución destes aos seus puntos orixenarios.
- b) Traslado dos residuos dos puntos de recollida e baleirado destes nos vehículos de recollida.



- c) Transporte e descarga dos residuos nas instalacións de xestión axeitadas.
- d) Retirada dos restos vertidos a consecuencia das anteriores operacións.
- e) Mantemento, lavado e reposición dos colectores e outros puntos de recollida municipal, con excepción daqueles colectores que sexan de uso exclusivo.
- f) Mantemento, lavado e reposición dos vehículos de recollida.

### *Artigo 12. Responsabilidade da correcta xestión dos residuos*

1. Os produtores e posuidores iniciais dos residuos domésticos e comerciais de competencia municipal son responsables de entregalos para a súa correcta xestión. A súa responsabilidade conclúe cando os entreguen nos termos previstos na presente ordenanza e no resto de normativa aplicable.

2. Os produtores e posuidores de residuos comerciais non perigosos, cuxa recollida non sexa realizada polo servizo de recollida de residuos municipais, son igualmente responsables da súa correcta xestión. A tal fin deberán:

- a) Manter os residuos en condicións axeitadas de hixiene e seguridade mentres se encontren no seu poder;
- b) Entregar os residuos en condicións axeitadas de separación por fraccións aos xestores de residuos, de acordo co que dispoña a normativa aplicable.
- c) Dispoñer do documento acreditativo da correcta recollida e xestión de residuos.

3. En caso de incumprimento polo produtor ou posuidor das obrigas de xestión de residuos comerciais non perigosos, o Concello poderá rexeitar a súa recollida.

### *Artigo 13. Depósito de residuos*

1. Os cidadáns están obrigados á separación de residuos domésticos nos domicilios, industrias e comercios en tantas fraccións como recollidas separadas se establecen na presente ordenanza e ao seu depósito nos colectores, lugares e horarios establecidos para o efecto. (a ser posible a partir das 21.00 horas)

2. O Concello levará a cabo a recollida ordinaria das distintas fraccións de residuos municipais a través dunha ou varias das seguintes modalidades:



a) Porta a porta, entendendo como tal o depósito de caixas de cartón do pequeno comercio na vía pública, preto dos colectores ou nos lugares establecidos polo Concello, despois da hora de peche do comercio, e nunca antes das 21:00 h, debendo depositar as caixas e cartóns pregados o máximo posible para a súa recollida específica.

b) Colectores para cada fracción de residuos debidamente identificados.

c) Puntos limpos.

d) Outros sistemas que, se é o caso, se poidan establecer, (como p.ex. a compostaxe comunitaria de residuos orgánicos).

#### *Artigo 14. Recollida separada*

Os cidadáns deberán segregar para a súa recollida separada as seguintes fraccións de residuos:

- Vidro
- Envases lixeiros (envases de plástico, de metal ou de cartón para bebidas tipo brik).
- Papel e cartón (envases de papel-cartón e papel non envase)
- Aceites vexetais usados (biorresiduo)
- Aceites minerais de automoción. (cambio de aceite particular)
- Roupa e calzado usados e en bo estado.
- Residuos de medicamentos e os seus envases.
- Pilas.
- Fracción Resto.
- Animais mortos.
- Voluminosos: mobles e aparellos interiores de vivenda.
- Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos e, no seu caso, segundo categorías:
- Vehículos abandonados e vehículos ao final da súa vida útil.
- Residuos de construción e demolición procedentes de obras menores.
- Residuos sanitarios asimilables a urbanos.
- Podas e outros residuos de xardinaría e restos de comida (biorresiduo)

#### *Artigo 15. Tipos de Colectores e residuos*

##### *1.—Colector de vidro*

1. Os residuos de vidro deberán depositarse nos colectores identificados para tal fin.





2. No caso de botellas, botes e outros recipientes, os cidadáns deberán baleirar estes recipientes co obxecto de eliminar os restos de substancias que puidesen quedar así como separar tapas metálicas, tapóns de plástico ou outros residuos que inicialmente fosen parte do envase e depositalos no colector de envases.

3. Non depositar Cristais como as vaixelas: vasos, copas, etc (conteñen óxido de chumbo).

4. O depósito de vidro fora do colector ou en colector non específico deste material poderá ser motivo de sanción.

*Materiais que deben depositarse no colector de vidro:*

- Botes e botellas de vidro de calquera cor
- Tarros de cosmética e perfumaría
- Frascos de conservas
- Artigos de vidro, agás espellos, vaixelas, e vidro planar

*Materiais que NON deben depositarse no colector de vidro:*

- Cristal de fiestras, parabrisas automóbil
- Bombillas eléctricas,
- Fluorescentes
- Os Cristais (conteñen óxido de chumbo) como as vaixelas: vasos, copas, etc.

*2.—Colector de envases lixeiros (Colector amarelo)*

1. Os residuos de envases lixeiros deberán depositarse nos colectores identificados a tal fin.

2. No caso de botellas de plástico, botes, latas e outros recipientes que contivesen restos de materia orgánica, como restos alimenticios, os cidadáns deberán baleirar completamente con carácter previo estes recipientes co obxecto de eliminar calquera resto destas substancias.

3. O depósito de envases fora do colector ou en colector non específico deste material será motivo de sanción.

*Materiais que deben depositarse no colector amarelo:*

- Envases lixeiros
- Latas de conservas de aceiro ou aluminio
- Latas de bebidas de aceiro ou de aluminio



- Bandexas e envoltorios de aluminio
- Tapas, tapóns, chapas
- Cartóns de leite, batidos, zumes, cremas, etc.
- Botellas de plástico de augas, aceite, iogur, zumes
- Envases de plástico, metálicos, de produtos lácteos, tales como iogures, manteiga, queixo, etc.
- Oveiras de plástico
- Botes de plástico de produtos de hixiene persoal, tales como cremas, xel de baño, pasta de dentes
- Botes de plástico de produtos de limpeza doméstica, tales como deterxentes, lixivia, suavizantes
- Bolsas de plástico (agás as bolsas negras para o lixo)
- Bandexas de plástico e filme plástico de envasado de alimentos, redes de envoltorios de froitas, bolsas finas, bandexas de porexpan.

### 3.—Colector de papel e cartón

1. Os residuos de papel e cartón limpos deberán depositarse, o máis pregados posible, no colector identificado a tal fin. En particular as caixas de cartón serán cortadas e dobradas de forma axeitada para a súa introdución e disposición nos colectores.

2. Con carácter previo ao seu depósito os cidadáns deberán eliminar destes residuos todo resto metálico, de plástico así como de papel e cartón sucio, debendo depositar estes restos de acordo co disposto na presente ordenanza para a fracción resto.

3. Os establecementos comerciais que utilicen o servizo de recollida porta a porta de papel cartón, deberán depositar estes residuos, o máis pregados posible, ao lado dos contedores, e en horario despois do peche dos comercios, sendo falta grave o depositalos antes desa hora.

4. O depósito de papel ou cartóns fora do colector ou en colector non específico deste material será motivo de sanción. Agás no caso do servizo porta a porta deste material, que se regula no punto anterior.

#### *Materiais que deben depositarse no colector de papel:*

- Papel e cartón (non manchado e sen plásticos e metais)
- Revista e xornais
- Libros, cadernos, libretas (sen o arame), folios, carpetas, cartolinas
- Caixas de cartón



- Bolsas de papel
- Oveiras de cartón

#### 4.—*Colector verde de RSU ou Fraccións resto (o que non vai no colector específico)*

- Materia orgánica (se se pode deberase reciclar ou compostar)
- Restos de comidas, agás aceites vexetais usados
- Cueiros
- Papel de cociña, de celofán
- Papel hixiénico
- Papel sucio, manchado de graxa, de comida
- Pratos, vasos de plástico e de papel, usados e/ou manchados
- Panos da mesa de papel
- Bolígrafos, rotuladores
- Cepillos de dentes
- Xoguetes non electrónicos e sen pilas
- Luvas de goma
- Perchas
- Tixolas, cazolas, potas e outros elementos de enxoval similares

#### 5.—*Colector de Aceites vexetais usados*

Son depósitos metálicos específicos para aceite de cociña usado, que se atopan anclados ao chan, nos lugares acordados polo Concello e a empresa de recollida deste residuo.

1. Está prohibido verter aceites usados polos desaugadoiros, debendo depositalo nos colectores existentes na rúa para tal fin.

2. Os cidadáns verterán os aceites vexetais usados no colector identificado a tal fin, ben no punto limpo, sen que se derrame o seu contido na vía pública.

3. Os titulares de restaurantes, bares, hoteis e outros servizos de restauración deberán dispoñer de colectores axeitados para a vertedura de aceites vexetais usados e entregalos a xestor autorizado.

4. O depósito de aceite ou envases de aceite fora do colector ou en colector non específico deste material será motivo de sanción.



*Artigo 16. Aceites minerais usados*

Os cidadáns poderán depositar os aceites minerais usados procedentes dos seus vehículos particulares en envases de plástico pechados de ata 5 litros e en horario de funcionamento do punto limpo.

*Artigo 17. Roupas e calzado usados*

Os cidadáns depositarán a roupa e calzado usados en bolsas de plástico pechadas:

- a) No colector sinalizado a tal fin.
- b) No punto limpo.

c) Nos locais de entidades ou asociacións sen ánimo de lucro ou nos colectores destas para a súa reutilización, sempre que as devanditas entidades fosen previamente autorizadas polo Concello para a recollida de roupa e calzado usados.

*Artigo 18. Residuos de medicamentos e os seus envases*

Os medicamentos caducados, os medicamentos en desuso, os restos de medicamentos, e os seus envases serán entregados polos cidadáns nos puntos de recollida SIGRE, das farmacias locais.

*Artigo 19. Pilas*

As pilas usadas por ser residuos tóxicos e perigosos deberán ser depositadas polos cidadáns en:

a) Nos centros distribuidores, nos centros comerciais ou nos colectores debidamente sinalizados que se poderán localizar na vía pública, e nunca nos demais colectores, por tratarse de residuos perigosos.

- b) No Punto Limpo.

Terán tamén a consideración de residuos domésticos:

1.—Os similares aos anteriores xerados en comercios, servizos e industrias.

2.—Os que se xeren nos fogares de aparatos eléctricos e electrónicos, roupa, pilas, acumuladores, mobles e aparellos, así como os residuos e entullos procedentes de obras menores de construción e reparación domiciliaria.

3.—Os procedentes de limpeza de vías públicas, zonas verdes, áreas recreativas e praias, os animais domésticos mortos e os vehículos abandonados.



4.—Os Residuos industriais non perigosos xerados pola industria que, pola súa natureza ou composición, sexan asimilables aos residuos urbanos ou municipais.

5.—O resto dos residuos industriais e comerciais estarán obrigados/as a entregalos a un xestor ou xestora autorizado para o seu tratamento.

4. d) Non pode realizarse no término municipal a eliminación de residuos mediante a súa incineración.

#### *Artigo 20. Animais de compañía*

1.—O posuidor dun animal deberá recoller as deposicións evacuadas por éste na vía pública e os espazos públicos e depositalas nos colectores de residuos orgánicos.

2.—Os propietarios ou posuidores de animais de compañía deberán contar con identificación definitiva con microchip independentemente da súa raza ou condición (obrigatorio desde o 2 de xullo de 2003, tal e como se recolle na disposición transitoria segunda do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro) sendo os responsables dos danos e prexuízos ocasionados polos mesmos.

3.—Os animais domésticos deberán atoparse nas axeitadas condicións hixiénico-sanitarias cos tratamentos preventivos obrigatorios, proporcionarlle un ambiente adecuado, cómodo e hixiénico, para o seu benestar e para a saúde pública, proporcionarlle a alimentación, a auga e os cuidados necesarios, así como a seguridade, en prevención de danos a persoas e ao contorno.

4.—Queda expresamente prohibida a entrada de cans e doutros animais en locais ou recintos de espectáculos públicos, deportivos e culturais, piscinas abertas ao público e parques infantís, etc, salvo no caso de cans guía de invidentes e de persoas discapacitadas, ou os que contén coa debida autorización.

5.—As persoas que paseen animais domésticos polas rúas deberán evitar causar molestias ás persoas, penetrar no céspede ou zonas axardinados, nos estanques ou fontes ou escorrentar paxaros ou outros animais.

6.—Nas vías públicas os cans terán que ir provistos de bozo, salvo naqueles casos en que pola súa natureza e características sexa razoablemente previsible a súa falla de perigo. En todo caso, irán conducidos por persoa capaz e idónea, suxeitos con cadea, correa ou cordón resistente e colar onde porten a medalla do control sanitario e a chapa identificadora co nº do microchip o nome do can e a identificación do propietario.

7.—Por motivo de salubridade pública queda expresamente prohibida a entrada de cans nos parques públicos, dentro dos xardíns, e especialmente nos parques infantís ou onde existan instalación para xogo dos nenos.



8.—Os animais potencialmente perigosos regularanse polo establecido na Lei 50/1999 de 23 de decembro e Real Decreto 287/2002 de 22 de marzo a nivel estatal e Decreto 90/2002 de 22 de febreiro a nivel autonómico, deberán ter licenza administrativa.

9.—Os danos e molestias ocasionadas a bens e persoas por estes animais, serán reparados, corrixidos ou compensados polo dono do animal.

10.— De acordo co Artigo 13 da Ordenanza de Cans do Concello de Lalín, queda expresamente prohibido:

— Deixar os cans, ou demais animais de compañía, soltos sen control nas vías e prazas públicas.

— Deixalos depositar excrementos ou miccionar na entrada de portais e de establecementos e no mobiliario urbano para o descanso e uso das persoas.

No caso de que as dexeccións se depositasen nas beirarrúas ou zonas de tránsito peonil, o propietario ou persoa que conduza ao animal é responsable da eliminación destas, mediante o depósito nas papeleiras ou nos colectores de lixo orgánico, dentro de bolsas impermeables e pechadas ou noutros elementos de contención indicados polos servizos municipais

11.— Os axentes municipais ou, se é o caso, o Servizo Municipal de Inspección Ambiental, están facultados para esixir ao propietario ou posuidor do animal o cumprimento das obrigas previstas nos artigos anteriores.

#### *Artigo 21. Animais mortos*

1. Queda prohibido o abandono de animais mortos en calquera clase de terreos.

2. Os propietarios de animais mortos así como os titulares de clínicas veterinarias deberán entregar estes a xestor autorizado.

3. Animais de compañía, (que non teñen como destino o consumo ou alimentación) mortos, teñen a categoría de residuos urbanos (Lei 10 /1998 de Residuos de Galicia) e depositaranse en bolsa pechada no colector de orgánicos RSU.

4. Os animais mortos ou residuos destes animais de explotacións gandeiras rexeranse polo Decreto 4/2008, de 10 de xaneiro de recollida e transporte de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano.

5. Quedan excluídos da recollida os residuos procedentes de matanzas domiciliarias, os cales non poden ir ao colector do lixo, debendo ser xestionados ou compostados cos residuos orgánicos.



### *Artigo 22. Uso dos Colectores*

1. Para o cumprimento da súa obriga de recollida de residuos, o Concello colocará colectores das diferentes tipoloxías para o depósito das correspondentes fraccións en función da poboación a que afecten. A súa situación realizarase de tal xeito que, sen alterar en exceso a estética do contorno, non dificulten o tráfico nin as manobras de aparcamento dos vehículos, ocupando a mínima superficie posible.

2. Queda prohibido desprazar os colectores e alterar a localización así como calquera manipulación nestes que puidese dar orixe a situacións perigosas ou que dificulte a recollida por parte do persoal autorizado.

3) Queda prohibido depositar residuos de calquera tipo soltos ou en bolsas fóra do colector correspondente ou na vía pública, agás o cartón do servizo de recollida “porta a porta” do pequeno comercio que se debe deixar limpo, pregado e libre de outros residuos, xunto aos colectores, despois da hora de peche do comercio, 21:00H (e non antes desa hora).

4) Queda prohibido depositar residuos ordinarios de forma non separativa nas correspondentes fraccións, en colectores ou receptáculos distintos aos asignados para cada fracción ou en colectores dispostos na vía pública para outra clase de residuos (colectores de obras, etc.).

5. En calquera dos supostos anteriores, o Concello determinará a situación dos distintos colectores na vía pública atendendo a criterios de eficiencia, económicos, organizativos, de proximidade e accesibilidade para os usuarios e de saúde e seguridade públicas.

6. Cando o servizo de recollida de residuos se preste por calquera das formas de xestión indirecta, (empresa concesionaria) será responsabilidade do concesionario o seu mantemento, lavado e correcta reposición.

### *ARTIGO 23.—Normas de utilización dos Colectores*

1.—Deberán observarse as seguintes normas de uso:

a) Para cada fracción de residuos ordinarios, utilizarase o colector correspondente.

Non depositar os residuos no colector correspondente será considerado falta leve.

b) Os residuos depositaranse en bolsa pechada. Depositarse directamente será considerado falta leve.



c) Utilizaranse os colectores máis achegados ao lugar de produción. Se un colector se atopase cheo, os residuos depositaranse no colector máis próximo para idéntica fracción de residuos, evitando os desbordamentos.

d) En xeral, os residuos de gran tamaño partiranse ou dobraranse para que ocupen o menor volume posíbel antes de depositalos no colector correspondente.

e) O Servizo Municipal de Limpeza depositará os residuos procedentes da limpeza manual de rúas e do baleirado de papeleiras no colector de restos.

f) Cumprírase cos horarios de depósito establecidos nesta ordenanza.

g) Deberase pechar a tapa do colector logo de depositar os residuos; nunca deberá deixarse aberta, evitando así a dispersión de residuos e a entrada de auga ou animais.

2.—Queda expresamente prohibido:

a) Depositar bolsas ou residuos soltos fóra do colector ou na vía pública.

b) Depositar residuos ordinarios sen os separar nas correspondentes fraccións, en colectores ou receptáculos distintos aos asignados para cada fracción ou en colectores dispostos na vía pública para outra clase de residuos (obras, etc.).

c) Depositar os residuos en horario distinto ao sinalado polo Concello.

d) Depositar residuos ordinarios nos colectores non homologados polo Concello.

e) Introducir nos colectores residuos voluminosos do fogar, residuos de construción e demolición, así como todos aqueles que poidan producir avarías no sistema mecánico dos vehículos de recollida ou danos ao colector.

f) Depositar nos colectores situados na vía pública algún dos residuos definidos como excluídos no artigo 4 desta ordenanza.

g) Depositar residuos líquidos ou susceptíbeis de se licuaren así como aqueles que poidan producir lixiviación nos colectores ou na vía pública. Do mesmo xeito, depositar materiais en combustión ou que conteñan elementos inflamábeis, explosivos, nocivos ou perigosos.

h) Depositar residuos de papel-cartón na vía pública, agás no caso dos establecementos adheridos ao sistema de recollida "Porta a Porta" e fora do horario establecido.

i) Depositar residuos da fracción resto ou envases sen bolsa nos colectores, no interior de caixas ou paquetes ou a granel.





j) Depositar residuos industriais e comerciais cando son de obriga a súa entrega a un xestor/a autorizado para o seu tratamento.

#### *ARTIGO 24.—Horario para depósito de Residuos nos colectores*

Os residuos domiciliarios deberanse colocar nos colectores da vía pública para a súa recollida polo servizo municipal no casco urbano de Lalín a partir das 21.00 horas, nos meses de verán, e a partir das 18.00 horas o resto do ano, nos días en que se realice a recollida consonte o establecido no parágrafo seguinte.

A recollida dos residuos polo servizo municipal realizarase todos os días da semana exceptuando domingos e festivos exceptuando o 24 e o 31 de decembro e o día 3 de novembro, festividade de San Martín de Porres.

Nas parroquias e núcleos rurais a recollida realizarase de acordo co prego de condicións establecido coa empresa concesionaria do servizo de recollida.

O Concello poderá establecer horarios especiais en virtude de convenios de colaboración con determinados sectores ou colectivos.

### *Capítulo 2. Residuos Agrarios*

#### *Artigo 25. Estercos e Xurros*

1. A xestión dos estercos e xurros, entendidos como fertilizantes orgánico-minerais, realizarase de acordo co establecido no Código de Boas Prácticas Agrarias, evitando a contaminación das augas e debendo en todo caso cumprirse o disposto na lexislación vixente que lle sexa de aplicación en caso de maiores limitacións.

1.1 En caso de existir cursos de auga deberase:

a) Deixar unha franxa mínima de 10 metros de ancho sen fertilizar xunto a todos os cursos de auga. Os sistemas de fertirrigación traballarán de modo que non haxa goteo ou pulverización a menos de 10 m de distancia dun curso de auga, ou que a deriva poida acadalo.

b) Para reducir o risco de contaminar augas subterráneas, os efluentes e refugallos orgánicos non se deben aplicar a menos de 35-50 m dunha fonte, pozo ou perforación que subministre auga para o consumo humano ou se vaia a usar nos sistemas de muxidura. Nalgúns casos pódese necesitar unha distancia maior.



### 1.2 En caso de existir vivendas:

a) Deixar unha franxa mínima de 10 metros de ancho sen fertilizar separado do linde da parcela na que se sitúa a vivenda.

b) De usar xurros con produtos ou tratamentos específicos para evitar os malos cheiros, poderase abonar ata o linde da parcela propia.

2. En canto ás instalacións que albergan os estercos, xurros, silos ou análogos deberán cumprir as distancias indicadas na Lei do Solo de Galicia e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lalín,

3. No caso de rulos plastificados ou silos provisionais de plástico, a distancia mínima a vivendas, será de 50 metros, agás a vivenda propia.

#### *Artigo 26. Plásticos agrícolas*

1. Os plásticos agrícolas serán recollidos polo Concello, a través dunha empresa xestora, previa coordinación coas Concellerías de Agricultura e Medio Ambiente, e non deben depositarse nos colectores de lixo, o cal constitúe infracción leve.

2. Unicamente se recollerán os plásticos cando estean libres de silo ou de terra e teñan retirados os cordeis. Así mesmo, presentarse dobrados e atados para facilitar a súa carga, e recolleranse en data e forma establecida polo Concello.

3. En ningún caso se poderá facer queima de plásticos, por producir substancias daniñas e perigosas para a saúde humana e dos animais, o cal constitúe unha infracción.

#### *Artigo 27. Envases de Fitosanitarios, Herbicidas, Fitotóxicos, Sulfatos*

Os envases ou recipientes que contiveran herbicidas, pesticidas, praguicidas ou residuos perigosos empregados na actividade agraria ou gandeira, non poderán depositarse nos contedores xenéricos. A súa recollida farase a través dos sistemas integrados de xestión (SIGFITO) situados nos puntos de venta.

#### *Artigo 28. Limpeza de terreos e soares*

Os soares ou terreos particulares que teñan risco de incendio deberán estar limpos de acordo coa Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Os vehículos que se usen para o desterre dunha obra, deben limparse antes de saír da mesma, evitando deixar restos de terra na vía pública.



*Artigo 29. Subsidiariedade dos traballos de limpeza por parte do Concello*

1.—O Concello poderá realizar subsidiariamente os traballos de limpeza, recollida e transporte que segundo esta ordenanza corresponda efectuar directamente ás persoas físicas ou xurídicas, imputándolles o custo dos servizos prestados e sen prexuízo das responsabilidades e sancións que correspondan en cada caso.

*Capítulo 3. Servizo de recollida especial**Artigo 30. Residuos de mercados*

1. Os participantes nas Feiras e Mercados están obrigados a separar de forma selectiva os residuos xerados pola actividade de mercado polo menos nas fraccións seguintes:

- a) Cartón.
- b) Envases
- c) Materia orgánica cando así o estableza o Concello.
- d) Madeira, cando así o estableza o Concello.
- e) Resto.

A tal fin cada unidade comercial dispoñerá de colectores diferentes.

2. Cada dependente, á hora do peche do Mercado, deixará depositado en bolsas pechadas os correspondentes residuos por separado, de xeito que poidan depositarse no colector correspondente.

3. O titular ou, no caso de mercados municipais, o concesionario de cada unidade comercial será responsable da correcta xestión dos residuos xerados pola actividade de mercado, entregándoos ou separadamente para a súa correcta xestión.

*Artigo 31. Limpeza de terrazas instaladas na vía pública*

Os propietarios ou encargados da xerencia de establecementos con aproveitamento sobre o dominio público municipal, (Terrazas na rúa) ademais das taxas reguladas na ordenanza correspondente, teñen a obriga de manter limpo e en boas condicións de uso o espazo de ocupación pública.



**Artigo 32. Residuos de eventos especiais**

*(Rally do Cocido, Feira do Cabalo, Festas parroquiais e outros)*

O Concello previa solicitude dos organizadores, facilitará a instalación de colectores e posterior recollida e limpeza, para que se realice a recollida selectiva e separada do lixo.

Cando se produza impacto ambiental no entorno, ou afecte á perda de biodiversidade, ao empobrecemento dos ecosistemas ou produza un impacto directo nos inmobles e enseres públicos ou privados, (cerres, balados, sinais, e firme de asfaltado ) será reparado polo responsable. O Concello poderá esixir un aval para garantir a correcta reposición dos danos producidos e as polas pólizas de seguros correspondentes.

**Artigo 33. Residuos de construción e demolición procedentes de obras menores**

Os cidadáns deberán depositar os residuos de construción e demolición procedentes de obras menores segregados por materiais en bolsas resistentes, podendo entregar estes para a súa correcta xestión:

- a) a xestor autorizado, ou
- b) no punto limpo.

Os residuos de obras menores con amianto (asbesto) ou materiais que o conteñan como o fibrocemento (uralita) por ser residuos perigosos non poden ser xestionados polo concello nin nos colectores de lixo nin no Punto Limpo. E serán manipulados conforme ao Real Decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto.

**Artigo 34. Voluminosos: mobles e aparellos de interior de vivenda**

Os cidadáns que desexen desprenderse de mobles, aparellos e outros residuos voluminosos cuxa recollida non sexa obxecto de recollida separada nesta ordenanza ou de acordo coa normativa aplicable, deberán:

- a) entregalos nun punto limpo, ou
- b) utilizar o servizo especial de recollida domiciliaria establecido polo Concello, con solicitude previa, chamando ao Punto Limpo.

**Artigo 35. Residuos de aparatos eléctricos e electrónicos**

Os cidadáns que desexen desprenderse de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos deberán:

- a) entregalos ao distribuidor no momento de compra dun novo, ou
- b) entregalos no punto limpo,



### *Artigo 36. Vehículos abandonados*

1. Queda prohibido o abandono de vehículos, sendo responsabilidade dos seus titulares a axeitada xestión dos mesmos de acordo co disposto na normativa aplicable

2. Presumirase que un vehículo está abandonado, adquirindo a condición de residuo municipal, nos seguintes casos:

a) Cando permaneza estacionado por un período superior a un mes no mesmo lugar e presente danos que fagan imposible o seu desprazamento polos seus propios medios ou lle falten as placas de matriculación ou sexan ilexibles.

b) Cando se encontre en situación de baixa administrativa e estea situado na vía pública.

c) Cando transcorran máis de dous meses dende que o vehículo fose depositado no depósito municipal tras a súa retirada da vía pública pola autoridade competente.

Nos supostos previstos na letra c) e naqueles vehículos que, aínda tendo signos de abandono, manteñan a placa de matriculación ou calquera signo ou marca visible que permita a identificación do seu titular, requirirase a este para que, unha vez transcorridos os correspondentes prazos, no prazo de 15 días retire o vehículo, coa advertencia, de que transcorrido o devandito prazo, se procederá á súa xestión como vehículo ao final da súa vida útil.

3. Nos casos previstos no apartado anterior e con independencia das sancións que, se é o caso, se puidesen impoñer, o Concello entregará o vehículo abandonado nun centro de tratamento para a súa xestión, debendo os propietarios de vehículos abandonados aboar os custos de recollida e, no seu caso, de xestión conforme ao disposto na correspondente ordenanza e na normativa aplicable.

### *Artigo 37. Procedemento de entrega de vehículos en desuso*

Os cidadáns que desexen desprenderse nun vehículo ao final da súa vida útil deberán:

a) entregalo a un centro de tratamento, de acordo co establecido na normativa aplicable, ou

b) entregar a documentación no servizo municipal de Medio Ambiente para que desde alí se coordine a súa retirada e xestión.

### *Artigo 38. Bioresiduos, Podas e outros residuos de xardinaría*

1. Os cidadáns que desexen desprenderse de residuos orgánicos, de podas e residuos de xardinaría restos de comidas que non usen para animais, deberán:



a) Empregalos para compostaxe, ou directamente para abono da súa finca ou xardín ou integrarse nunha compostaxe comunitaria para producir compost.

2. Os beneficios da compostaxe de materiais orgánicos que se xeran no fogar (restos de comidas ou podas do xardín), Pode utilizarse como substrato que axuda a medrar as plantas e abonar as fincas, non xenera lixo e beneficia ao medio ambiente, reducindo os custos de recollida, transporte e tratamento; reducindo os malos cheiros e a contaminación asociada aos residuos orgánicos; obter compost de alta calidade; e a utilizar menos produtos químicos na xardinería local. O compost supón así mesmo dar consistencia aos terreos lixeiros; facilita o abonado, aumenta o contido en materia orgánica do chan e a resistencia das plantas; e favorece o aforro en abonos químicos. Os elementos para realizar a compostaxe son os restos de froitas e verduras; ósos; residuos de infusións; pousos de café; cascas de ovos e froitos secos; restos de plantas e xardineiras; papel de cociña; e restos de poda e sega.

3. Os cidadáns poderán levar a cabo a compostaxe dos mencionados residuos nos seus terreos particulares, ou en composteiros comunitarios para tal fin.

4.—Queda prohibido depositar residuos orgánicos (vexetais ou restos de comida) nos colectores de lixo, podendo destinalos a compostaxe.

#### *Capítulo 4. Ordenación das repoboacións forestais*

##### *Artigo 39. Distancias de plantación*

1.—As repoboacións forestais que linden con terreos rústicos de protección agropecuaria deberán aterse as disposicións legais vixentes, e gardar, como mínimo, 10 metros de distancia respecto deles.

2.—As repoboacións forestais cumprirán as distancias mínimas establecidas no Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, e na Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia.

3.—As plantacións de árbores en fincas rústicas que linden con cultivos agrícolas deberán respectar as distancias fixadas polo Decreto 19 de Outubro 1967 núm. 2661/67 (Ministerio de Agricultura)

4.—No seu defeuto deberá adaptarse ao artigo 591 do Código Civil.

5.—As árbores que linden con camiños ou vías públicas, non poderán impedir nin coas polas nin coas raíces o libre tránsito de vehículos, nin transporte público.

6.—Non se consideran especies forestais as froiteiras e arbustos ornamentais.



7.—Nas mesmas condicións que no apartado anterior, o Concello poderá levar a cabo traballos de mantemento, reparación, poda de árbores e e limpeza dos elementos e partes exteriores dos inmóbeis, así como a carga, retirada, transporte e eliminación dos materiais residuais abandonados, de forma subsidiaria, e sen prexuízo da sanción que se establece na presente ordenanza.

### *Capítulo 5. Radiacións Electromagnéticas e Telefonía*

#### *Artículo 40. Radiacións Electromagnéticas*

En canto aos focos emisores de radiacións electromagnéticas en campo aberto xeradas por transformación, transmisión, almacenamento e distribución de corrente eléctrica de media e alta tensión, necesitarase informe positivo de avaliación/cualificación ambiental para a súa instalación, e funcionamento, segundo a normativa vixente, intentando, en calquera caso, que as devanditas instalacións non estean próximas a menos de 1 Km do núcleo poboacional máis próximo, nin que atravesen por vía aérea, ningún recinto habitado e/ou habitable, procurando o seu enterramento segundo normativa vixente (R D 1066/2001 de 28 de setembro)

#### *Artículo 41. Antenas de Telefonía Móbil*

a) As instalación de antenas de telefonía móbil, deberán contar con Licenza Municipal, e adaptarán ás emisións radioelétricas sobre as persoas, de acordo co Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro de medidas de protección sanitaria radioelétricas.

b) A cor e aspecto da antena adaptaranse ao contorno para minimizar o impacto visual.

c) O colector instalarse, preferentemente, baixo rasante. Excepcionalmente, poderase admitir outra situación, sempre que se xustifique que a instalación se integra harmonicamente na paisaxe urbana e non entorpece o tránsito.

#### *Artículo 42.—Compartición de Infraestruturas*

En materia de compartición de Infraestruturas, os operadores deberán respectar o estipulado no artigo 30 da Lei Xeral de Telecomunicación de 2003. En particular:

1. Promoverase a compartición de infraestruturas, sobre todo en chan non urbanizable e bens de titularidade municipal, sempre e cando sexa técnica, contractual e economicamente viable e sen prexuízo do cumprimento dos requisitos materiais e procedementos previstos pola normativa sectorial estatal en materia de telecomunicacións para o uso compartido de instalacións.

2. Nos bens de titularidade municipal, poderá ser obrigatoria a compartición de localizacións salvo que a operadora poida xustificar que a mesma non é tecnicamente viable.



3. En espazos de titularidade privada, a compartición non será condición para a concesión da licenza, non obstante á vista dos Plans de Implantación presentados polas distintas operadoras, o Concello poderá solicitar a estas, cando soliciten licenza, que xustifiquen a inviabilidade técnica, contractual e económica da compartición.

A compartición de infraestruturas de telecomunicacións, como posible técnica redutora do impacto visual producido por estas instalacións, será, en todos os casos, obxecto dun estudo individualizado. A intervención do Concello neste ámbito salvaguardará os principios de transparencia, proporcionalidade e non discriminación.

En canto ás instalacións xeradoras de emisións radioactivas, almacenadoras de residuos radioactivas, será de aplicación a normativa vixente sobre Enerxía Nuclear.

### *Capítulo 6. Educación Ambiental*

#### *Artigo 43. Promoción da separación en orixe e recollida selectiva de residuos*

1.—O Concello de Lalín poderá promover a colaboración cidadá para a óptima separación en orixe e recollida selectiva de residuos municipais mediante campañas informativas e divulgativas, dirixidas tanto á poboación en xeral como a colexios, institucións, asociacións veciñais, colectivos, comunidades de propietarios, etc.

2.—Así mesmo, o Concello poderá elaborar guías de boas prácticas dirixidas tanto ao público en xeral como a sectores de actividade representativos.

#### *Artigo 44. Sensibilización e educación sobre separación e recollida de residuos*

1. O Concello, directamente, ou a través da empresa concesionaria do servizo, promoverá a realización de campañas e xornadas de sensibilización e educación en materia de recollida separada de residuos, dirixidas tanto á poboación en xeral como a colexios, institucións, asociacións veciñais, colectivos, comunidades de propietarios, etc.

2. A tal fin poderá, entre outros, asinar convenios e acordos de colaboración con suxeitos públicos e privados tales como universidades, organizacións sen ánimo de lucro que teñan por obxecto a protección ambiental, sistemas colectivos de xestión de residuos e asociacións de produtores.

3. O Concello, co obxecto de promover a recollida separada de residuos, poderá informar a través da páxina web da Concellería de Medio Ambiente do tratamento final que cada a cada fracción de residuos.





### *Artigo 45. Promoción da Educación Ambiental*

O Concello poderá promover accións permanentes de educación ambiental co dobre obxectivo transversal de facer máis ambiental a actuación municipal no seu conxunto e máis comprometida á cidadanía.

O Concello de Lalín poderá promover campañas de repoboación forestal e a conservación das árbores como promotoras dun ambiente máis sostible, de reducen o efecto invernadoiro, e de minimizan o exceso de emisións de CO<sub>2</sub>, e minimizar o impacto de paisaxes degradadas.

### *Artigo 46. Xestión e eficiencia do uso da Auga*

O Concello de Lalín poderá promover a colaboración cidadá para o óptimo control do Ciclo integral da Auga, para preservar a súa contaminación, vixiancia da rede de abastecemento para evitar perdas e concienciación social para reducir o consumo excesivo, e o uso eficiente da auga.

Os obxectivos irán encamiñados a:

- Reservar a auga potable para usos nos cales ésta sexa imprescindible.
- Realizar un seguimento do consumo de auga e aplicar programas de inspección, para poder identificar malos hábitos e fugas.
- Sempre que sexa posible utilizar a auga de chuvia ou non potable, mediante un sistema de captación e aprovisionando.
- Sempre que sexa posible utilizarse a auga de bombeo dos solares para o rego, en vez de vertela ao sistema de saneamento.
- En canto ao rego dos xardíns recoméndase utilizaranse aspersores de curto alcance nas zonas de céspede. Usar rego por goteo nas zonas de arbustos e árbores. O rego por goteo enterrado é máis eficiente debido a que evita as perdas producidas por evaporación.
- Considerar a posibilidade de utilización de rego exudante.

### *Artigo 47. Control da calidade do aire*

Contribución dende o local á aplicación de normativa autonómica sobre calidade do aire. (LEI 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera)

#### *1. Contaminación atmosférica*

O Concello de Lalín no ámbito das súas competencias, velarán para que se adopten as medidas necesarias e as prácticas adecuadas nas actividades e instalacións, que permitan evitar ou reducir a contaminación atmosférica aplicando, na medida do posible, as mellores técnicas dispoñibles e empregando os combustibles menos contaminantes.



Así mesmo velará para que as entidades privadas e os particulares se esforzen no exercicio das súas actividades cotiás, en contribuír á redución dos contaminantes da atmosfera.

Os titulares de actividades potencialmente contaminadoras da atmosfera deberán tomar as medidas necesarias para evitar danos por contaminación atmosférica á saúde de as persoas e ao Medio Ambiente.

Deberán cumprir os requisitos técnicos que lle sexan de aplicación conforme estableza a normativa e, en todo caso, salvagardando a saúde humana e o medio ambiente.

Deberán realizar controis das súas emisións e, cando corresponda, da calidade do aire, na forma e periodicidade prevista na normativa aplicable.

#### *Artigo 48. Urbanismo sostible*

Planificación racional e sostible dos usos do chan incorporando da variable ambiental na planificación do territorio.

##### *1. Construción e edificación*

O Concello de Lalín velará polo cumprir o Código Técnico da Edificación no seu Documento Básico Aforro de Enerxía e, se é posible, mellorar os aspectos de obrigado cumprimento, como aumentar a porcentaxe de enerxía solar térmica e incorporar enerxía solar fotovoltaica nos proxectos, ou integrar caldeiras de biomasa nos edificios por ser máis eficientes e menos contaminantes.

O Concello de Lalín priorizará na medida que o proxecto o permita, a utilización de materiais de construción locais para reducir o consumo enerxético que supón o transporte.

Na medida do posible, darase preferencia aos materiais naturais que proveñan de explotacións controladas, e os materiais de orixe mineral ou vexetal, en detrimento dos tóxicos e perigosos.

#### *Artigo 49. Transporte urbano e mobilidade*

En canto à mobilidade, o Concello de Lalín potenciará, na medida do posible, a redución da velocidade no casco urbano, e de ser posible o uso do transporte colectivo, e mediante a concienciación para o uso de medios de transporte sostible, racionalización (redución) do uso do vehículo privado e aposta clara pola peatonalización, sobre todo no casco urbano e núcleos de poboación, en consonancia co Plan Nacional de Transporte 2005-2020 que formula un incremento do tren, do transporte público e dunha maior intermodalidade.



A Directiva Europea 2009/33/CE do 23 de abril de 2009, relativa á promoción de vehículos de transporte por estrada limpos e enerxéticamente eficientes ten como obxectivo primordial, a promoción do uso de vehículos que teñan baixo consumo enerxético, así como a emisións pouco elevadas de CO<sub>2</sub>, e de contaminantes.

A tendencia é enfocar, desde a administración local, cara unha mobilidade máis sostible con medidas de prioridade cara o transporte público colectivo, a integración dos obxectivos ambientais nunha adecuada planificación de infraestruturas, (carril bici) formación e información ao cidadán, etc.

Un dos obxectivos é fomentar o uso da bicicleta como medio de transporte habitual non motorizado, sostible, ecolóxico e saudable, e reducir o impacto ambiental da mobilidade no Concello de Lalín, e contribuíndo á redución global de emisións.

Nas novas infraestruturas que se acometan priorizarase a construción de:

*Pistas-bici*, segregadas fisicamente do resto dos medios de transporte motorizados e tamén dos peóns.

*Carrís ou beiravías bici*, que forman parte da calzada en vías (rúas ou estradas) deseñadas principalmente para os vehículos motorizados. Os carrís bici considéranse protexidos cando están separados do resto da calzada mediante bordos ou bolardos.

*Camiños peonís e ciclistas (sendas bici)*, vías para peóns e bicicletas que discorren independentemente das rúas e estradas, sobre plataformas de ferrocarril abandonados, camiños existentes ou camiños de nova creación.

*Vías mixtas ou compartidas* (estradas, camiños e outras tipoloxías de vías nas que o ciclista comparte o espazo cos vehículos motorizados e, en ocasións, tamén cos peóns, sen segregación física ou visual), pero en condicións que favorecen a compatibilidade dos distintos tipos de usuarios.

#### **Artigo 50. Xestión e eficiencia da Enerxía**

Aforro e eficacia enerxética. Potenciar vivendas con técnicas de construción illantes (arquitectura bioclimática), así a instalación de fontes de enerxía non contaminantes (paneis de enerxía solar).

O Concello de Lalín promoverá prácticas de aforro enerxético, minimizar o consumo de recursos, e redución das emisións e contaminación da auga do aire e do solo.



O Concello promoverá o consumo de produtos locais, os máis próximos, e os fabricados con materiais reutilizábeis e fomentaraos así mesmo na contratación pública de obras e subministracións.

O Concello promoverá sistemas que permitan un uso eficiente da enerxía (como iluminación mediante luminarias de baixo consumo e equipos con certificación de alta eficiencia enerxética) e asegurar o seu mantemento axeitado.

O Concello promoverá diferenciar con maior iluminación os pasos de peóns en aras de aumentar a seguridade vial e de protección das persoas.

#### *Artigo 51. Contaminación lumínica*

O Concello, no ámbito das súas competencias, a hora de instalación de luminarias, promoverán a prevención e redución da contaminación lumínica, coa finalidade de conseguir os seguintes obxectivos:

- a) Promover un uso eficiente da iluminación exterior, sen menoscabo da seguranza que lles debe proporcionar aos peóns, aos vehículos e ás propiedades.
- b) Preservar ao máximo posible as condicións naturais das horas nocturnas en beneficio da fauna, da flora e dos ecosistemas en xeral.
- c) Previr, minimizar e corrixir os efectos da contaminación lumínica no ceo nocturno e, en particular, no contorno dos observatorios astronómicos que traballan dentro do espectro visible.
- d) Reducir a intrusión lumínica en zonas distintas ás que se pretende iluminar, principalmente en contornos naturais e interior de edificios.

#### *Artigo 52. Ruídos:*

Medidas a nivel local para a redución da contaminación acústica producida por ruídos e vibracións.

A contaminación por Ruído, nas súas diversas manifestacións, nas nosas casas e nas nosas vidas, afecta as persoas diminuindo gravemente a calidade de vida a base de xerar malestar e incomodidade e nalgúns casos irritación, angustia e outras patoloxías físicas e emocionais.

Os vehículos de tracción mecánica deberá ter en boas condicións de funcionamento o motor, a transmisión, a carrocería e os demais órganos capaces de producir ruídos, co fin de que o nivel sonoro emitido polo vehículo ao circular co motor en marcha non exceda dos límites que establece a Lei.



Os límites máximos admisibles para ruídos emitidos polos distintos vehículos a motor en circulación serán os establecidos para as emisións de vehículos terrestres, así como para as emisións de aeronaves, na lexislación estatal vixente.

Nos casos en que se afecte notoriamente á tranquilidade da poboación, o Concello poderá sinalar zonas ou vías nas que algunhas clases de vehículos a motor non poidan circular ou deban facelo de forma restrinxida en horario e velocidade. Para os efectos do establecido no parágrafo anterior, considéranse as zonas que soporten un nivel de ruído, debido ao tráfico rodado, que alcance valores de nivel continuo superior a 55 dB durante o período nocturno e a 65 dB no período diúrno.

En todo caso o Concello velará polo cumprimento da Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído.

### *Capítulo 7. Zonas Verdes e Espazos protexidos*

#### *Artigo 53. Espazos verdes:*

A tendencia será incrementar as zonas verdes das cidades ata alcanzar os obxectivos da Organización Mundial da Saúde (13 m<sup>2</sup> por habitante).

1.—O Concello de Lalín promoverá o uso de boas prácticas de convivencia de limpeza mantemento de espazos verdes, e de respecto ao Medio Ambiente,

#### *1. Definición de zonas verdes*

O Concello de Lalín ten catalogado no PXOM os seguintes espazos de especial protección:

Sobreiral do Arnego (Rede Natura 2000)

Serra do Candán e Zobra (Rede Natura 2000)

Val do Baixo Deza

Xunta dos Ríos Deza e Asneiro (Prado-Cristimil)

Carballeira de Barcia

Carballeira de Quiroga (Monumento Natural)

Sobreiras de Galegos

Soutos de Anseán e Gresande



Carballeira de Donramiro

Carballeira de Bermés

Carballeira de Cadrón

Carballeira de Cercio

Carballeira do Corpiño

Carballeira de Lebozán

Carballeira da Penela

Carballeira de Prado

Carballeira de San Martiño

Carballeira de Vilatuxe

Carballeira de Xaxán

1. Para os efectos de esta ordenanza considéranse zonas verdes os espazos destinados á plantación de árbores e xardinería de acordo coas determinacións dos plans do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

2. En todo, caso serán consideradas como zonas verdes para os efectos desta ordenanza as prazas e pequenos xardíns públicos, os xardíns arredor de monumentos ou nas illas viarias, as aliñacións de árbores en beirarrúas e paseos e as xardineiras e elementos de xardinería instalados nas vías publicas, as zonas axardinadas das rotondas, etc.

## *2. Espazos naturais protexidos*

### *2.1. Definición.*

Defínense como espazos naturais protexidos aqueles espazos naturais que, polas súas singularidades, sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais, da súa promoción e difusión, así como á súa preservación para as xeracións futuras. Nestes espazos promóvese o desenvolvemento sostible, favorecendo os usos e aproveitamentos respectuosos co Medio Ambiente.

A presión exercida polo turismo nos espazos naturais, se non se toman as medidas preventivas necesarias, podería exercer alteracións nos súas características. O valor ecolóxico e a fragilidade destes espazos fanos moi vulnerables e, á vez, a súa condición de Espazos



Naturais aumenta o seu atractivo turístico. Un aumento no valor do indicador interprétase, en principio, como un aumento da presión turística sobre os Espazos Naturais, polo que se fose preciso o Concello, en cooperación coa Comunidade Autónoma, deberá tomar as precaucións necesarias.

## 2.2. Denominación das Figuras de Protección que afecta a o Concello de Lalín:

2.2 a). *Rede Natura 2000*. Dentro desta denominación atópanse os ecosistemas e hábitats mais valiosos e ameazados de Europa onde se conserva a biodiversidade e especies que merecen ser conservadas. Atópanse incluídos dentro desta figura:

- a) A Serra do Candán que afecta a as parroquias de Zobra e Vilatuxe.
- b) O Sobreiral do Arnego, que afecta as parroquias de Cadrón, Rodís, Cercio e Galegos

2.2 b). *Monumentos Naturais*. Defínense como espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial. Atópanse incluídos dentro desta figura:

- a) A Fraga de Catasós.

## 3. Prohibicións nestes espazos

a) Nestes espazos prohibese realizar actos que supoñan unha transformación sensible da realidade física ou biolóxica que dificulte ou imposibilite a consecución dos obxectivos da declaración de espazo natural protexido ou supoña un risco para os seus valores naturais

b) Nos monumentos naturais só se admitirán os usos ou as actividades que non poñan en perigo a conservación dos valores que motivaron a súa declaración.

## Artigo 54. Sinalización no contorno natural

Os espazos naturais protexidos deberán estar debidamente sinalizados para promover a información e a orientación necesaria ao visitante e ofrecer unha imaxe axeitada.

A sinalización poderá resaltar aspectos de valor ecolóxico, paisaxístico, arquitectónico ou cultural que, próximos ao itinerario principal, non pertencen ao mesmo, e será a indicada polo Concello de Lalín, debendo axeitarse ás condicións de homologación esixidas pola FGM (Federación Galega de Montañismo) a cal se axusta á normativa internacional. Os sinais, paneis interpretativos, postes e frechas direccionais, serán do menor tamaño posible atendendo á súa funcionalidade e estarán integrados no contorno, non estando permitido o uso de elementos naturais como soporte da sinalización.



### *Artigo 55. Sinalización de roteiros*

1 Os roteiros ecolóxicos, ou para deportes de sendeirismo, de bicicleta de montaña, ou de vehículos a motor serán sinaladas polos organizadores, coas indicacións fixas e preestablecidas polo Concello, rexeitando toda a sinalización complementaria (cintas, pintadas ou sinais non homologadas) que serán retiradas ao rematar a proba ou competición polos responsables da organización unha vez finalizada.

2. Quedan prohibidas as pintadas sobre elementos estruturais, calzadas, mobiliario urbano, sobre as árbores, pedras, muros ou paredes que non teñan a autorización preceptiva municipal.

### *Artigo 56. Uso das zonas verdes públicas*

1. Todos os cidadáns teñen dereito ao goce e aproveitamento das zonas verdes públicas e están obrigadas a respectar os parques e xardíns e demais espazos ou zonas verdes ou forestais, así como o arborado e plantas existentes, absténdose de calquera acto que os poida danar, afean ou ensuciar ditas zonas ou elementos.

2. Prohíbese realizar calquera actividade que poida deteriorar as zonas verdes, así como danar o arborado e plantacións existentes en calquera forma.

3. A práctica de xogos e deportes en zonas verdes só poderá realizarse en zonas específicas e sempre que non causen molestias a terceiras persoas, danos e deterioro a plantas, árbores, bancos e demais elementos de mobiliario urbano, e non impidan ou dificultan o paso de peóns.

4. Está prohibido o acceso e a circulación das motocicletas e vehículos nas zonas verdes, salvo para os vehículos autorizados, os vehículos dos servizos municipais e os de emerxencias. Poderán circular bicicletas naquelas zonas habilitadas a tal efecto.

5. Cando por motivos de interese público se autorice nestes lugares a celebración de algún tipo de actos, deberanse tomar as medidas previsoras necesarias para que a afluencia de persoas aos mesmos non cause deterioro nas plantas ou céspede. En todo caso, tales autorizacións deberán ser solicitadas coa antelación suficiente para adoptar as medidas preventivas necesarias.

6. Os usuarios das zonas verdes públicas deberán cumprir as instrucións que sobre a súa utilización figuren nos indicadores, anuncios, rótulos e sinais existentes, e se faltaran estes apelarase a racionalidade e boas maneiras. En calquera caso deberán atender as indicacións que formulen os axentes da Policía Local e o persoal de Parques e Xardíns.





*Artigo 57. Conservación de zonas verdes*

1. Tódolos propietarios de zonas verdes están obrigados a mantelas en bo estado de conservación, correndo pola súa conta os gastos que elo ocasione.

2. Calquera propietario dun inmovible con fachada á rúa e vexetación ou árbores no mesmo terá a obriga de cortar dita vexetación e podar as árbores de xeito que non obstrúan ou dificulten a iluminación nin o tránsito pola vía pública nin impidan a visibilidade en cruces, interseccións ou pasos.

3. Os regos precisos para a subsistencia dos vexetais incluídos en calquera zona verde, deberán realizarse cun criterio de economía da auga. De ser posible utilizarán auga non clorada, e os regos faranse as primeiras horas da mañá e últimas horas da tarde salvo se houbese risco de secado das prantas en máximos períodos de seca. A zona verde que posúa recursos propios de auga será regadas con estes recursos.

4. Todo propietario dunha zona verde queda obrigado a realizar os correspondente tratamento fitosanitario no caso de que aparezan enfermidades nas plantas desta zona verde de xeito inmediato para evitar a propagación de dita enfermidade.

5. Os xardíns e zonas verdes públicos e privados deberán atoparse en todo momento nun estado satisfactorio de limpeza e ornato así coma libres de maleza espontánea de xeito que non poidan ser causantes de infeccións ou converterse en materia doadamente combustible.

*Artigo 58.—Protección de elementos vexetais públicos*

1. Con carácter xeral, para a boa conservación e mantemento das diferentes especies vexetais das zonas verdes, non se permitirán os seguintes actos:

- a) Toda manipulación realizada sobre as árbores e plantas.
- b) Camiñar polas zonas axardinadas acoutadas.
- c) Pisar o céspede de carácter ornamental, introducirse no mesmo e utilizalo para xogar, repousar ou deitarse sobre el.
- d) Cortar flores, polas ou especies vexetais.
- e) Talar, apear ou podar árbores situados en espazos públicos sen a autorización municipal expresa.
- f) Aclarar, arrincar ou partir árbores, pelar ou arrincar as súas cortizas, cravar puntas, atar os mesmos escaleiras, ferramentas, soportes de andamiaxe, ciclomotores, bicicletas, carteis ou calquera outro elemento nin gabear ou subir ós mesmos.



g) Aparcar danando ás plantas ou os seus elementos de protección.

h) Depositar, aínda de forma transitoria, materiais de obra, (formigón, asfalto etc) sobre as árbores, ou a unha distancia mínima de 50 cm. arredor deles, nin verter nelas calquera clase de produtos tóxicos.

i) Botar en zonas axardinadas lixo, residuos, cascotes, pedras, papeis, plásticos, graxas ou produtos cáusticos ou fermentables ou calquera outro calquera outro elemento que poida danar as plantacións.

j) Prender lume, calquera que sexa o motivo en lugares que non estean expresamente autorizados e non teñan instalacións axeitadas para facelo.

2. Tódalas árbores de calquera rúa ou propiedade pública, próximas a unha escavación ou construción de calquera edificio estrutura ou obra na rúa, deberán protexerse.

3. Se nalgún caso fose necesario arrincar unha ou varias árbores dun macizo de xardín, pola modificación de superficie pavimentada dunha rúa, o Concello poderá, se fose o caso, trasladar e replantar estas árbores.

#### *Artigo 59. Protección do patrimonio natural*

2. O Concello de Lalín poderá crear un rexistro de árbores senlleiras, que forman parte do patrimonio natural e medioambiental do Concello de Lalín, e solicitar a súa inscrición no Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia se fosen consideradas reliquias botánicas obxecto de respecto veciñal e con valor científico, cultural, didáctico, paisaxístico ou ornamental.

3. A inscrición farase previa autorización por parte do propietario ou a petición do mesmo.

4. Estas árbores terán unha protección especial dende o Concello e poderán ser obxecto de axudas económicas ou soporte técnico por razóns de mantemento, protección e seguridade, non podendo os seus propietarios neste caso, cortala nin realizar ningún tipo de poda ou tratamento sen previa autorización por parte do Concello.

#### *Artigo 60. Servizo de inspección*

1. O exercicio das funcións de inspección e vixilancia do cumprimento no disposto na presente Ordenanza corresponderá ao persoal que teña atribuídas as devanditas funcións así como aos axentes da policía local.



2. O persoal ao que fai referencia o apartado anterior, no exercicio das súas funcións inspectoras terá a condición de axente da autoridade estando facultado para acceder sen previo aviso ás instalacións nas que se desenvolvan actividades reguladas nesta Ordenanza así como para inspeccionar o contido dos distintos sistemas de recollida de residuos, tales como colectores e bolsas de lixo.

#### *Artigo 61. Deber de colaboración*

Os produtores, posuidores, xestores de residuos e os responsables de establecementos comerciais, vivendas, industrias e outras actividades obxecto da presente Ordenanza deberán, de acordo coa normativa aplicable, facilitar e permitir ao persoal a que fai referencia o artigo anterior, no exercicio das súas funcións de inspección o acceso ás citadas instalacións así como prestarlles colaboración e facilitarlles a documentación necesaria para o exercicio dos devanditos labores de inspección.

#### *Artigo 62. Cooperación cidadá*

1. Tanto as persoas físicas como xurídicas do Concello de Lalín están obrigadas, no que atinxe á limpeza e ornato público en todo o municipio, ao coidado dos xardíns e mobiliario público, a manter un comportamento cívico e unha conduta que preveña a sucidade e axude á boa convivencia.

2. Así mesmo, poderán poñer en coñecemento da autoridade municipal as infraccións que en materia de limpeza pública presencien ou aquelas das que teñan un coñecemento certo.

3. Será responsabilidade do Concello atender as reclamacións, denuncias e suxestións cidadás, exercendo as accións que en cada caso correspondan.

### *Capítulo 8 Normas de Uso e Conservación*

#### *Artigo 63–Normas xerais*

O mobiliario urbano existente nos parques, xardíns, zonas verdes e vías públicas, no que se encontran comprendidos os bancos, xogos infantís, papeleiras, fontes, sinalizacións, elementos decorativos, farois e estatuas, deberán manterse no máis axeitado e estético estado de limpeza e conservación.

#### *Artigo 64 – Limitacións*

##### *a) Bancos*

Non se permite o uso inadecuado dos bancos, ou todo acto que prexudique ou deteriore a súa limpeza e conservación e en particular, arrancar aqueles que estean fixos, trasladar a unha distancia superior a dous metros os que non estean fixados ao chan, agrupalos de forma desordenada ou realizar neles inscricións ou pintadas.



Así mesmo, tampouco se permite depositar sobre os bancos, area, auga, barro ou calquera elemento que poida ensucialos, e/ou manchar ou prexudicar a usuarios destes.

#### *b) Xogos infantís*

A súa utilización realizarase por nenos con idades comprendidas nos carteis indicadores que para tal efecto establézanse, e sempre convenientemente acompañados dun adulto prohibíndose a súa utilización por adultos ou por menores que non estean comprendidos na idade que se indique expresamente en cada sector ou xogo.

#### *c) Papeleiras e colectores*

Os desperdicios ou papeis deberán depositarse nas papeleiras destinadas a tal fin.

Queda prohibida toda manipulación de papeleiras e colectores (movelas, incendialas, envorcalas e arrancalas), facer inscricións ou adherir adhesivos nestas, así como outros actos que deteriorenen a súa estética ou entorpezan o seu uso normal.

#### *d) Fontes*

Queda prohibido realizar calquera manipulación nos canos e elementos das fontes, que non sexan as propias da súa utilización normal.

Nas fontes decorativas, surtidores, bocas de rego e elementos análogos, non se permitirá beber, introducirse nas súas augas, practicar xogos, realizar calquera tipo de manipulación e, en xeneral, todo uso da auga.

#### *e) Sinalización, farois, estatuas e elementos decorativos*

Queda prohibido trepar, subirse, arrandearse ou realizar calquera acto que ensucie, prexudique, deteriore ou menoscabe o seu normal uso e funcionamento.

#### *Artigo 65. Normas de conduta*

1. Están prohibidas as condutas vandálicas, agresivas ou negligentes no uso do mobiliario urbano que xeren situacións de risco ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas ou os bens.



2. Quedan prohibidos os actos de deterioro grave, como as desfeitas dos espazos públicos ou as súas instalacións ou elementos, tales como bancos, papeleiras, colectores, maceteiros, árbores e plantas, elementos de xogo infantil, sinalizacións, farolas, estatuas e demais elementos decorativos, fontes e estanques, paneis informativos, etc. Queda expresamente prohibido mover calquera elemento do mobiliario urbano da súa ubicación.

3. Os organizadores de actos públicos de natureza cultural, lúdica, festiva, deportiva ou de calquera outra índole velarán por que non se produzan, durante a súa celebración, as condutas descritas nos apartados anteriores. Se con motivo de calquera destes actos realízanse ditas condutas, os seus organizadores deberán comunicalo inmediatamente ós axentes da autoridade.

4. Sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria dos pais ou tutores ou gardadores polas accións dos menores de idade que dependan deles, aqueles serán tamén responsables dereitos e solidarios das infraccións cometidas polos menores de idade, sempre que, pola súa parte, conste dolo, culpa ou negligencia, incluída a simple inobservancia.

5. Todas aquelas persoas que causen prexuízo ao mobiliario urbano deberán facer fronte ao custo de reparación ou substitución a que dé lugar, sen prexuízo da correspondente sanción que puidera corresponderlle.

6. O infractor poderá solicitar a substitución da multa pola obrigaón persoal de traballos en beneficio da comunidade, nas condicións que fixe o órgano municipal competente para a imposición das sancións, que serán proporcionadas a entidade do dano producido.

7. Nos viarios e espazos públicos queda prohibido facer un uso impropio dos seus elementos, de maneira que impida ou dificulte a utilización ou o goce polo resto dos usuarios.

Así mesmo son usos prohibidos:

a) Acampar nas vías e os espazos públicos, acción que inclúe a instalación estable nestes espazos públicos ou os seus elementos ou mobiliario neles instalados, ou en tendas de campaña, vehículos, autocaravanas ou caravanas, salvo autorizacións para lugares concretos.

b) O uso de calquera clase de produtos pirotécnicos definidos na lexislación sectorial aplicable, sen autorización municipal.

c) Utilizar os bancos e os asentos públicos para usos distintos os que están destinados.

d) Exercer oficios ou traballos nos espazos públicos sen a habilitación administrativa correspondente.



- e) Tirar cáscaras, papeis, gomas de mascar, cigarros, envoltorios ou calquera outro desperdicio, que deberá depositarse nas papeleiras instaladas para tal fin.
- f) Situar ou deixar abandonado na vía pública calquera obxecto que supoña risco para as persoas, afeen no entorno ou obstrúa o tránsito peonil e/o rodado.
- g) Acender lume ou fogueiras, salvo en caso de celebracións ou festas populares que contén coa correspondente autorización municipal.
- h) Acceder ós edificios e instalacións públicas ou zonas non autorizadas fora dos seus horarios de utilización ou apertura.
- i) Realizar a limpeza e o aseo de calquera animal na vía pública.
- j) Lavar vehículos na vía pública.
- k) Botar calquera tipo de desperdicio desde vehículos, tanto parados como en marcha.
- l) Realizar pintadas ou grafitis en calquera elemento público ou privado con repercusión na vía ou espazo público sen a correspondente autorización.
- m) Rascar, arrancar e tirar ó espazo público carteis, anuncios, pancartas e obxectos similares.
- n) Realizar necesidades fisiolóxicas, tales como defecar, ourinar, cuspir, en calquera dos espazos públicos ou privados de aplicación desta ordenanza. Cando estas accións se realice en espazos de concorrida afluencia de persoas ou frecuentados por menores, ou cando se faga sobre mobiliario urbano ou calquera outro ben público ou privado será considerado falta moi grave.

*Título III Infraccións e sancións*  
*Capítulo 1 Infraccións*

*Artigo 66. Infraccións*

1. Considéranse infraccións as accións ou omisións que contraveñan o establecido na presente Ordenanza así como aquelas outras que estean tipificadas na lexislación estatal ou autonómica, reguladora das materias que se inclúen, sen prexuízo de que os preceptos desta Ordenanza poidan contribuír á súa identificación máis precisa.
2. As infraccións tipificadas na presente Ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.



*Artigo 67. Infraccións leves*

Considéranse infraccións leves a vulneración das prohibicións e normas de conduta desta ordenanza, que non teñan a consideración de graves ou moi graves, e en particular:

a) Realizar necesidades fisiolóxicas, tales como defecar, mexar, cuspir en calquera dos espazos públicos, ou sobre mobiliario urbano ou calquera outro ben público ou privado privados de concorrida afluencia de persoas ou frecuentados por menores.

b) Tirar no chan cáscaras, papeis, gomas de mascar, cigarros, cabichas, envoltorios ou calquera outro desperdicio, que deberá depositarse nas papeleiras instaladas para tal fin.

c) Depositar, arroxar ou abandonar calquera clase de produto, en estado sólido, líquido ou gasoso, que poida alterar as condicións de limpeza que esixe a estética da vila, incluída a varredura da vía pública que recollan os particulares.

d) A limpeza ou, de ser o caso, sacudida de alfombras, prendas ou calquera outro obxecto sobre a vía pública desde fiestras, balcóns ou terrazas.

e) Lavado e limpeza de vehículos e calquera outra operación de mantemento destes, na vía pública, agás reparacións de emerxencia. Neste caso deberá procederse á limpeza da zona afectada.

f) Saír con vehículos de desterre dunha obra deixando restos de terra ou residuos na vía pública.

g) Tirar na vía pública, ou fora dos colectores de sumidoiro, auga procedente da limpeza de locais públicos ou privados, ou auga procedente da cocción do polbo.

h) Depositar residuos orgánicos, restos vexetais ou de comida nos colectores, sempre que se poidan ser utilizados para compostaxe.

i) Depositar plásticos de silo ou de actividades agrícolas con sistema de recollida especial, nos colectores de lixo.

j) Depositar nos colectores de lixo os envases ou recipientes que contiveran herbicidas, pesticidas, plaguicidas fitosanitarios, medicamentos ou residuos perigosos, empregados na actividade agraria ou gandeira.

k) Depositar residuos de papel-cartón na vía pública, fora do seu colector agás no caso dos establecementos adheridos ao sistema de recollida "Porta a Porta". .



l) Depositar residuos de papel-cartón para a recollida “Porta a Porta” fora do horario, e condicións establecidas.

m) Pasear ou permitir a entrada de cans nos parques públicos, dentro dos xardíns, e especialmente nos parques infantís ou onde existan instalación para xogo dos nenos.

n) Pasear por espazos públicos animais potencialmente perigosos sen cumprir co establecido na Lei 50/1999 de 23 de decembro e Real Decreto 287/2002 de 22 de marzo a nivel estatal e Decreto 90/2002 de 22 de febreiro.

o) Depositar os residuos sen separalos por fraccións ou en colectores ou puntos de recollida distintos aos identificados para cada fracción de residuos ou contravindo o disposto na presente Ordenanza.

p) Incumprir os horarios establecidos de depósito e entrega de residuos.

q) Botar ou abandonar residuos na vía pública ou en lugares distintos aos especificados polo Concello.

r) Colgar a roupa en fachadas, terrazas, solares e outros elementos dos edificios que dean á rúa, salvo que sexan «opacos». Só o poderán facer nas galerías interiores das vivendas.

s) Depositar, en lugares distintos ás papeleiras instaladas para o efecto nos espazos públicos, residuos de pequeno volume tales como papeis, gomias de mascar, cabichas, caramelos, cascas e desperdicios similares.

t) Depositar residuos fora das instalacións do Punto Limpo, ou fora do horario de apertura do mesmo.

u) Facer queimas agrícolas en terreos do casco urbano afectando as fachadas de edificios próximos.

v) Manipular colectores ou o seu contido así como envorcar ou arrancar papeleiras ou outro tipo de colectores ou desprazalos fóra das súas situacións.

w) Utilizar os colectores de uso exclusivo de residuos para residuos diferentes do previsto na presente ordenanza.

x) Depositar residuos vexetais ou orgánicos nos colectores de lixo, os cales deben ir destinados á compostaxe.

y) Ensuciar a vía pública como consecuencia da tenza de animais, e o abandono de excrementos.





- z) Depositar no colector do lixo residuos orgánicos procedentes de matanzas domiciliarias.
- aa) Tirar ao chan ou depositar recipientes de bebidas como latas, paquete de tabaco, cigarros ou cabichas, botellas, vasos, ou calquera outro obxecto.
- bb) Colocar ou pegar calquera tipo de cartel, pancarta ou adhesivos en elementos do mobiliario urbano, ou nos colectores do lixo.
- cc) A comisión dalgunha das infraccións tipificadas nos dous artigos seguintes, cando pola súa escasa contía ou entidade, non mereza a cualificación de grave ou moi grave.
- dd) Consumir bebidas alcohólicas na vía pública cando poida alterar a convivencia ou o exercicio de dereitos lexítimos de outras persoas ou colectivos.

#### *Artigo 68. Infraccións graves*

##### *Consideraranse infraccións graves:*

- a) Mover calquera elemento do mobiliario urbano do seu emprazamento, cando coa dita actuación de xeneren riscos para as persoas, para os propios bens desprazados ou para calquera outros bens públicos ou privados, ou se produzan alteracións graves da convivencia cidadá
- b) O abandono ou vertedura incontrolada de calquera tipo de residuos municipais sen que se puxese en perigo grave a saúde das persoas ou producísese un dano ou deterioración grave para o medio ambiente.
- c) Depositar residuos procedentes de obras menores de construción ou de reparación domiciliaria na vía pública ou nos colectores de uso colectivo situados na vía pública.
- d) A obstrución á actividade de vixilancia, inspección e control do Concello, así como o incumprimento das obrigas de colaboración previstas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de Residuos e Chans contaminados.
- e) A entrega, venda ou cesión de residuos municipais non perigosos a persoas físicas ou xurídicas distintas das sinaladas na Lei 22/2011, do 28 de xullo, de Residuos e Chans Contaminados e na presente ordenanza así como a aceptación destes en condicións distintas ás previstas nestas normas.
- f) Depositar nos colectores municipais residuos industriais que deban ser xestionados por xestor autorizado.
- g) Queimar plásticos.
- h) Depositar plásticos agrícolas nos colectores de lixo,



### *Artigo 69. Infraccións moi graves*

a) Mostrar condutas vandálicas, agresivas ou negligentes no uso do mobiliario urbano que xeren situacións de risco ou perigo para a saúde e a integridade física das persoas.

b) Depositar, abandonar, verter ou eliminar de forma incontrolada calquera tipo de residuo en terreos públicos ou privados, marxes dos ríos, na vía pública, calzadas ou camiños e soares públicos ou privados, cando esta acción, pola súa entidade ou volume, non mereza a cualificación de grave ou moi grave.

c) Considerarase infracción moi grave calquera actuación, infracción, vertedura incontrolada ou abandono de calquera tipo de residuos municipais cando se poña en perigo grave a saúde das persoas se produza en espazos protexidos ou supoña un dano ou deterioración grave para o Medio Ambiente.

### *Artigo 70. Prescrición*

1. As infraccións leves prescribirán aos seis meses, as graves ao ano e as moi graves aos dous anos.

2. O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse dende o día en que a infracción se tivese cometido.

3. Nos supostos de infraccións continuadas, o prazo de prescrición comezará a contar dende o momento da finalización da actividade ou do último acto co que a infracción se consuma. No caso de que os feitos ou actividades constitutivos de infracción fosen descoñecidos por carecer de signos externos, o devandito prazo computarase dende que estes se manifesten.

4. Interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, continuándose o prazo de prescrición se o expediente sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable. Tamén interromperá a prescrición a apertura dun procedemento xudicial penal, ata que a autoridade xudicial comunique ó Concello a súa finalización; en calquera caso, e sexa cal fose o resultado do dito procedemento, o órgano sancionador quedará vinculado polos feitos declarados probados en vía xudicial

### *Artigo 71. Sancións e obriga de repoñer*

1. Sen prexuízo da sanción que en cada caso proceda, o infractor deberá reparar o dano causado repoñendo a situación alterada ao seu estado orixinario.



2. Se o infractor non procedese a reparar o dano causado no prazo sinalado, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas de acordo co establecido no artigo 72.

3. Así mesmo, en caso de incumprimento, a devandita reposición poderá ser realizada mediante execución subsidiaria polo concello. Os custos orixinados polas actuacións a realizar serán con cargo ao suxeito responsable da infracción esixíndolle, se é o caso, a indemnización a que houbese lugar por danos e prexuízos causados.

4. A responsabilidade civil derivada dunha infracción será sempre solidaria entre todos os causantes do dano.

5. Cando sexa declarado autor dos feitos cometidos un menor de dezoito anos non emancipado, ou unha persoa coa capacidade modificada xudicialmente, responderán, solidariamente con él, dos danos e prexuízos ocasionados os seus pais, titores, curadores, acolloedores ou gardadores legais de feito, segundo proceda.

#### *Artigo 72. Multas coercitivas*

Sen prexuízo da sanción que se puidese impoñer, o órgano competente poderá acordar a imposición de multas coercitivas conforme ao artigo 99 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A contía de cada unha destas multas non poderá superar un terzo da multa fixada por infracción cometida, sen que en ningún caso poida superar os 1.000 euros.

#### *ARTIGO 73.—Contía Sancións*

As infraccións tipificadas consonte o disposto no título anterior serán sancionadas:

As leves, con multa de ata 750 euros

As graves, con multa de 751 a 1.500 euros .

As moi graves, con multa de 1.501 a 3.000 euros

#### *Artigo 74. Prescrición*

1. As sancións impostas pola comisión de infraccións leves prescribirán ao ano, as impostas por faltas graves aos tres anos e as impostas por faltas moi graves aos cinco anos.

2. O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel en que adquira firmeza a resolución pola que se impón a sanción.



*Artigo 75. Publicidade das sancións*

O Pleno poderá acordar a publicación, a través dos medios que considere oportunos, das sancións impostas pola comisión de infraccións graves e moi graves, unha vez que esta adquira firmeza.

*Artigo 76. Competencia e procedemento sancionador*

1. Corresponde ao Alcalde a resolución dos expedientes administrativos sancionadores en exercicio da competencia que lle é atribuída a tal fin polo artigo 21.1.n) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

2. A imposición de sancións e a esixencia de responsabilidades conforme a esta Ordenanza levaranse a cabo de conformidade ao previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común e demais normativa que lle sexa de aplicación.

3. A Policía Local en cumprimento do Artigo 8. 1. d) e Art 8. 3.b Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais velará polo cumprimento desta ordenanza, inspeccionando as actividades e condutas que a contraveñan.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA**  
*Disposición derogatoria única. Normas derogadas*

Quedan derogadas todas as disposicións do mesmo ou inferior rango que regulen materias contidas na presente Ordenanza en canto se opoñan ou contradigan ao contido desta.

**DISPOSICIÓN FINAL PRIMEIRA**

Disposición final primeira. Entrada en vigor Esta Ordenanza entrará en vigor tras a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (B.O.P) e unha vez transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

**DISPOSICIÓN FINAL SEGUNDA**

A Alcaldía-Presidencia, no exercicio das súas competencias poderá interpretar, aclarar e desenvolver os artigos da presente Ordenanza.

Lalín, 7 de xaneiro de 2016.—O Alcalde, Rafael Cuiña Aparicio.

